



ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA RECOLLIDA, RETIRADA, TRANSPORTE E CUSTODIA DE VEHÍCULOS E OUTROS OBSTÁCULOS DAS VÍAS PÚBLICAS

Artigo 1. Natureza e fundamento

O Pleno do Concello, no uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e os artigos 20 e 58 da Lei 39/88, de 28 de decembro, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 desta Lei, acorda a imposición e a ordenación da **Taxa pola recollida, retirada, transporte e custodia de vehículos e outros obstáculos das vías públicas**, que rexerá pola presente Ordenanza fiscal.

Artigo 2. Feito imponible

Constitúen o feito imponible da Taxa, a prestación dos seguintes servizos, motivados pola actuación directa ou indirecta por parte dos particulares:

- a) A recollida, retirada, transporte, depósito e custodia de vehículos indebidamente estacionados nas vías públicas urbanas que, conforme ás disposicións vixentes sobre circulación, vehículos a motor, tráfico e seguridade vial teñan que ser retirados das vías públicas en cumprimento de ordes recibidas da Policía Local.
- b) A retirada, transporte, depósito e custodia de vehículos debidamente estacionados, en cumprimento de ordes da Alcaldía con motivo de obras públicas, procesións, desfiles e demais actos debidamente autorizados.
- c) A recollida, retirada, transporte, depósito e custodia dos vehículos abandonados nas vías públicas a requirimento da Policía Local.
- d) A retirada, transporte, depósito e custodia dos vehículos embargados pola Recadación Executiva do Concello, previo cumprimento dos requisitos e formalidades establecidos legal e regulamentariamente.
- e) O depósito e custodia de vehículos a requirimento da autoridade xudicial ou administrativa cursado a través da Alcaldía ou Concelleiro Delegado de Tráfico.
- f) A retirada e traslado de colectores e obstáculos que perturben gravemente a circulación ou impidan o acceso a un servizo público.

Artigo 3. Nacemento da obriga de contribuír

A obriga de contribuír polas taxas reguladas na presente Ordenanza, fundaméntase na actividade municipal de prestación de calquera dos servizos enumerados no artigo 2º, motivados directa ou indirectamente pola actuación ou conducta negligente dos conductores, titulares ou propietarios de vehículos prevista nos Regulamentos de Tráfico e Bandos da



Alcaldía, así como na execución forzosa subsidiaria prevista na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Artigo 4. Suxeitos pasivos

Están obrigados ó pagamento das taxas polos servizos regulados na presente Ordenanza:

- a) Os titulares administrativos ou propietarios dos vehículos en situación de abandono nos servizos prestados pola retirada, transporte, depósito e custodia.
- b) Os conductores dos vehículos e subsidiariamente os seus titulares polos servizos de inmovilización, retirada, depósito e custodia por estacionamentos defectuosos ou abusivos da vía pública.
- c) Os promotores de edificacións e as empresas ou persoas físicas propietarias de colectores, así como os titulares dos obstáculos que pertuban gravemente a circulación ou impidan o acceso a un servizo público.

Artigo 5. Responsables

- Serán responsables solidarios das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos, as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.
- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 6. Período impositivo

1. As taxas reguladas na presente Ordenanza orixinan o dereito a percibir no momento no que se preste o servizo ou simplemente se iniciase, sen prexuízo, neste último caso, da redución no importe da cota na forma establecida no artigo 9º, cando o conductor, titular ou persoa encargada do vehículo se faga cargo do mesmo e proceda a retiralo pola súa conta.
2. O encargado da xestión do servizo deberá facer entrega do vehículo depositado ó conductor ou titular do vehículo previo aboamento por este da taxa establecida ós responsables da cobranza.

Artigo 7. Exencións e bonificacións

Estarán exentos do pagamento desta taxa os servizos de traslado de vehículos nos supostos previstos no apartados números 11 e 12 do artigo 292 do Código da Circulación.

Artigo 8. Tarifas e cotas

A) POR RETIRADA E TRANSPORTE:	€
Bicicletas, ciclomotores, motocicletas e vehículos análogos	18,03
Turismos e furgonetas cun peso máximo de carga de 2.500 kg	48,08
Vehículos cun peso máximo de carga superior a 2.500 kg. e ata 4.500 kg	54,09
Vehículos cun peso máximo de carga superior a 4.500 kg	300,51
Colectores ou obstáculos retirados con guindastre lixeiro	54,09
Colectores ou obstáculos retirados con guindastre de gran tonelaxe	108,18
B) POR DEPÓSITO E CUSTODIA:	€
Por cada día de custodia ou fracción	
Bicicletas, ciclomotores, motocicletas e vehículos análogos	4,21
Turismos e furgonetas cun peso máximo de carga de 2.500 kg	18,03
Vehículos cun peso máximo de carga superior a 2.500 kg. e ata 4.500 kg	27,05
Vehículos cun peso máximo de carga superior a 4.500 kg	42,07
Colectores ou obstáculos	15,03
Cando as retiradas se produzan dentro das primeiras 12 horas, pagarase tan só ó 50% das cotas diarias correspondentes	
C) POR DESPRAZAMENTO E ENGANCHE SEN RETIRADA DE VEHÍCULO:	€
Aplicarase o 50 por cento sobre as cotas sinaladas no parágrafo A).	
Bicicletas, ciclomotores, motocicletas e vehículos análogos	9,02
Turismos e furgonetas cun peso máximo de carga de 2.500 kg	24,04
Vehículos cun peso máximo de carga superior a 2.500 kg. e ata 4.500 kg	27,05
Vehículos cun peso máximo de carga superior a 4.500 kg	150,25
Colectores ou obstáculos retirados con guindastre lixeiro	27,05
Colectores ou obstáculos retirados con guindastre de gran tonelaxe	54,09
D) POR DESPRAZAMENTO DE VEHÍCULOS DEBIDAMENTE ESTACIONADOS:	€
Por obras públicas, procesións, desfiles e demais actos públicos.	
Bicicletas, ciclomotores, motocicletas e vehículos análogos	1,80
Turismos e furgonetas cun peso máximo de carga de 2.500 kg	4,81
Vehículos cun peso máximo de carga superior a 2.500 kg. e ata 4.500 kg	5,41
Vehículos cun peso máximo de carga superior a 4.500 kg	30,05
Colectores ou obstáculos retirados con guindastre lixeiro	5,41
Colectores ou obstáculos retirados con guindastre de gran tonelaxe	10,82

Artigo 9.

Cando o conductor, titular administrativo, propietario ou persoa encargada do vehículo se faga cargo do mesmo e proceda a retiralo pola súa conta, efectuado o enganche do vehículo e antes de que se inicie o traslado e transporte ó depósito, a cota que resulte aplicable terá unha redución do 50 por cento sobre a tarifa.

Artigo 10. Normas de xestión

Primeira.- Ós efectos desta Ordenanza enténdese por depósito o que se estableza pola Alcaldía ou veña determinado pola concesión do servizo, podendo, cando concorran circunstancias que o aconsellen, sinalarse como depósito calquera garaxe público da cidade, con percepción das mesmas tarifas que as fixadas para o depósito municipal.

Segunda.- A taxa liquidarase polo encargado ou responsable do respectivo servizo con arranxo ás tarifas desta Ordenanza, utilizando exclusivamente os impresos que, por triplicado, lle facilite a Administración do Concello, controlados pola Intervención municipal. Dos tres exemplares de cada liquidación, asinados polo encargado, un exemplar entregarase ó pagador, outro quedará en poder do servizo e o terceiro remitirase á Intervención do Concello xunto coa conta que periodicamente se rinda da cobranza da taxa.

Terceira.- Diariamente ingresarase o importe recadado pola taxa na conta restrinxida que se abra para este fin.

Coa periodicidade que se determine e, polo menos, ó remate de cada mes, rendirase conta do recadado no período polo responsable do servizo, xuntando á conta un exemplar de cada liquidación; a conta presentarse na Intervención do Concello.

Cuarta.- A esixencia da taxa é independente e compatible coa imposición de sancións segundo a lexislación de tráfico.

Artigo 11. Infraccións e sancións

Nesta materia estase ó disposto na Lei Xeral Tributaria e normativa de desenvolvemento.

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA

Cando existan os convenios de colaboración a que fai referencia o artigo 27.2 da Lei 39/88, do 28 de decembro, os procedementos de liquidación e recadación regulados nos artigos 8 e 9 desta Ordenanza, cederán ante a regulación prevista nos convenios.

	Acordo	Publicación
Aprobación inicial	Pleno 13.08.1999	BOP 22.10.1999
Modificación	Pleno 08.03.2002	BOP 11.06.2002